

En Boiro, sendo as 16:30 horas do día 11 de decembro de 2019, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

**Ausentes:** Carlos Javier Chouza Blanco, María del Mar Domínguez Magallón, Margarita Picón Romero, Manuel Pimentel González e Paloma Ruipérez Puente.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Plan de igualdade: posibles colaboracións dos departamentos. Comisión de Igualdade.
3. Informe sobre a reunión de zonificación.
4. Tratamento recuperación pendentes.
5. Rogos e preguntas.

1. Procédese á lectura e aprobación da acta da anterior sesión celebrada o 8 de novembro de 2019.

2. En setembro recibimos instrucións da Consellería de que é preciso crear un Plan de Igualdade. A directora fai a petición de colaboración aos distintos departamentos para participar na confección do apartado 5.2 Eliminación dos estereotipos.

Os departamentos deberán modificar as programacións para incluír todas as actividades que se levarán a cabo nas aulas sobre as mulleres do saber, revisar o material didáctico empregado na aula, realización de actividades de sensibilización na aula e actividades de sensibilización coas familia.

Mariana Domínguez comenta que en 2º ESO e Bacharelato hai materias propias relacionadas coa igualdade de xénero e se hai algún membro do profesorado que queira impartilas para o próximo curso, poderá propoñelo á dirección.

Mónica Pérez Arias, a vicedirectora, é a persoa do Consello Escolar nomeada para formar parte da comisión de igualdade, xunto con Montse Vázquez, que a súa vez é a coordinadora do Plan Proxecta 365 días para a igualdade.

O presuposto destinado pola Consellería para a Igualdade será destinado a varias actividades:

- Charla de Teresa Moure.
- 3 pancartas relacionadas coa violencia machista e igualdade de xénero.
- Material para a realización da bandeira LGTBI que están a pintar o alumnado no muro do centro.
- Instalacións no Hall.

A directora transmítelle aos distintos departamentos que se precisan algún material para traballar a igualdade se poñan en contacto con ela.

Realizouse unha compra de libros relacionados coa temática da igualdade para a biblioteca cun custo de 350€.

3. En reunións anteriores as Anpas pediron que sexan os institutos os que fagan o reparto dos distintos colexios. A idea inicial era a de diminuír o número de alumnado do CEIP Santa Baia para que se desconxestione o IES A Cachada, pero isto pode afectar ao IES Plaia Barraña, xa que só ten 2 liñas. Esperárase un tempo para ver como quedan os colexios antes de continuar coa repartición dos mesmos entre os diferentes centros de secundaria.

Con respecto aos membros do consello municipal, son os sindicatos os que propoñen aos candidatos. A directora propuxo a Manuel Pimentel González, por ser un dos profesores afiliados e deixa aberta a porta a calquera outro membro do profesorado afiliado que queira participar como membro. En total son 7 os membros representantes dos distintos sindicatos.

4. Despois de ser comentado o tema do tratamento de materias pendentes na CCP anterior, dende a dirección chegouse á conclusión de que se poñerán as notas das materias pendentes nos boletíns das avaliacións ordinarias para manter as familias e ao alumnado informado sobre as materias pendentes. Durante a sesión de avaliación ordinaria de cada grupo realizarase inicialmente a avaliación do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.



5. No apartado de rogos e preguntas a xefa do departamento de Latín, Margarita Fernández Gómez, explica a elección do novo nome da aula de Latín: Safo, na honra da poeta grega Safo de Lesbos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 16:50 horas.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA

Asdo.: Sonia Antelo Méndez

